



SAT CASA DO PINTOR. GUNTÍN (LUGO)



José Antonio (esquerda) e Carlos, socios de Casa do Pintor



En Vaca.tv

Un exemplo de potencial forraxeiro

Non é o habitual nas explotacións leiteiras da cornixa cantábrica, pero nesta gandería lucense producen todas as forraxes que precisan para o mantemento dos seus animais e aínda teñen excedente. Falamos cun dos seus propietarios, José Antonio López, que nos relata as transformacións recentes do negocio e nos avanza os seus plans futuros.

Localización: Santo Estevo da Mota (Guntín, Lugo)
N.º total de animais: 180
Vacas en muxidura: 80
Media de produción: 36 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,60 %
Porcentaxe de proteína: 3,20 %
RCS: 195.000 cél./ml
Superficie agrícola: 65 ha
IPP: 387 días
ICO: 2.213 puntos
Venda do leite: Lactalis e Reny Picot

Na gandería Casa do Pintor, situada na parroquia lucense de Santo Estevo da Mota (Guntín), acaban de iniciar unha nova etapa despois de que en 2017 absorbesen outra granxa con preto de sesenta cabezas do municipio de Lugo.

Trátase dunha SAT integrada por tres socios, dous en activo, José Antonio López Varela e Carlos Cordido Astariz –procedente da explotación absorbida–, e outro xubilado, José López López, pai de José Antonio.

Os obxectivos da fusión eran mellorar en calidade de vida e en organización do traballo, xa que non contan coa axuda de ningún empregado.

Hai cinco anos, José Antonio estreaba unha sala de muxido e un establo novos pensados para explotar un rabaño limitado de forma unipersonal, pero o destino mudou o rumbo dos acontecementos e agora andan necesitados de espazo para darlle cabida aos animais. Isto obrígaos a desfacerse de femias que en moitos casos continuarían na granxa un parto ou dous máis. “Consideramos que é máis rendible unha xovenca nova que unha vaca de tres partos con problemas. Aproveítaselles máis diñeiro á hora de vendelas e evítase traballo, que o traballo tamén custa diñeiro”, defende José Antonio.

A media de produción actual en tanque é de 36 litros por vaca e día, cun 3,60 % de graxa e un 3,20 % de proteína.

Interior da nave de produción



▶ OS OBXECTIVOS DA FUSIÓN ERAN MELLORAR EN CALIDADE DE VIDA E EN ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

CARACTERÍSTICAS DO ESTABLO DE PRODUCCIÓN

Na nave principal alóxase o lote de frisonas en muxidura. Como xa avanzabamos antes, a fusión trouxo consigo unha situación de sobrepopoación: a día de hoxe o número de cabezas ascende a 80 e só dispoñen de 76 cubículos.

O establo foi deseñado de xeito que a área de descanso estivese separada da de alimentación. "As vacas saen do muxido e van directamente ao comedero e aos bebedoiros e cando se acaba o muxido ábreselles o paso para que pasen á área de descanso; despois xa poden descansar e comer cando queiran", explica José Antonio. O seu propósito era que os animais se molestasen o menos posible entre eles.

As camas, que limpan e nivelan dúas veces ao día, son de serraduras. Pese a que moitos técnicos de calidade de leite non recomentan este material, eles aseguran non ter problemas de mamites e, en caso de telos, sosteñen que a enfermidade adoita estar derivada dunha mala conservación das forraxes.

Conta José Antonio que, ao tratar-se dunha construción aberta, ás veces teñen problemas co aire e vense obrigados a encamar máis dunha vez á semana. Non obstante, a ausencia

de peches laterais e o teito de panel sándwich evitan o uso de ventilación artificial. Recoñece que cando hai tormenta sobe moito a humidade relativa do ambiente e as vacas sofren estrés, pero tamén afirma que "non hai moitos días que se dea esta situación". Así mesmo, apunta que a nave se orientou de maneira que "segundo nace o sol entra directamente ata as camas".

O comedero é de recina, pero a súa intención é substituíla por aceiro inoxidable ao consideralo unha opción máis hixiénica.

Os bebedoiros están colocados na parede que separa as áreas de alimentación e descanso. Explica que están "sobredimensionados" porque para el é fundamental que os animais teñan fácil acceso a agua en cantidade e de calidade. Cómpre destacar que a tratan con peróxido de hidróxido estabilizado para evitar contaminacións.

O muxido fano ás sete da mañá e ás sete da tarde nunha sala de saída traseira, que recentemente ampliaron a 16 puntos e informatizaron.

Para contribuír ao aforro enerxético teñen instalado un preenfriador que reduce a temperatura do leite antes de que chegue ao tanque, unha placa solar coa que quentan a auga e un variador de frecuencia na sala de muxido. ▶

EASY-COVERING COBERTIZOS

La solución fácil y económica para su cubierta

NAVES GANADERAS Y ALMACENES

Grandes ventajas con respecto a las construcciones tradicionales

Polígono Industrial de Somonte
C/Mª Glez "La Pondala" Nº 41
CP 33393 Gijón Asturias
Tlfn: + 34 985 303 752
Info@easy-covering.com
www.easy-covering.com

Tratan a auga de bebida con peróxido de hidróxido estabilizado



► A FUSIÓN TROUXO CONSIGO UNHA SITUACIÓN DE SOBREPOBOACIÓN: O NÚMERO DE CABEZAS ASCENDE A 80 E SÓ DISPOÑEN DE 76 CUBÍCULOS



A sala ten 16 puntos de muxido e está informatizada

No establo da recria teñen cubículos de goma, pero a súa intención futura é quitálos e meter cama quente de palla.

As vacas secas están noutra nave que tamén teñen previsto reformar nos vindeiros meses para que estean máis cómodas, xa que por agora descansan sobre cemento.

SUPERÁVIT DE FORRAXES

A diferenza do que ocorre na maioría das ganderías da cornixa cantábrica, en Casa do Pintor producen máis forraxes das que os seus animais son capaces de consumir. Teñen 51 hectáreas declaradas na PAC e este ano alugáronlle outras 14 a unha explotación veciña que botou o peche. Tamén recoñecen un certo privilexio en canto ao tamaño das parcelas en comparación coa tónica habitual na zona, pois case todas as súas fincas superan a hectárea e teñen bo acceso.

Os cultivos principais son o millo e a herba. Ata agora facían rotación entre eles, pero coa ampliación de superficie xa non lles vai resultar necesaria esta práctica e este ano as terras do millo –arredor de 24 ha– quedarán a barbeito.

Mostra desta abundancia de forraxes é que a primeira corta de herba desta campaña a venderon a outras granxas limítrofes, xa que o seu gando aínda está comendo o silo de 2017. “Temos tres silos e deberiamos construír outros tantos para poder almacenar toda a forraxe que se produce”, explica José Antonio. ►

MANEXO DAS SECAS E DA RECRÍA

Despois do calostro, cuxa primeira toma lles subministran por medio dunha sonda cando os acabados de nacer non son capaces de inxerila por si sós, optan por darlles leite de femias do rabaño. Estamos a falar dun leite que cumpre con todos os estándares sanitarios e que, doutro xeito, iría para o tanque. Consideran que polas súas cualidades nutritivas resulta mellor para as beceras e afirman que lles sae economicamente máis rendible ca utilizar leites substitutivos.

Os primeiros días, as xatas permanecen en boxes individuais que teñen na zona dos silos e despois xúntanas de dúas en dúas nuns compartimentos que teñen noutro

cuberto anexo á casa, onde tamén ceban os xatos.

Ata os dous meses, ademais das correspondentes tomas de leite, teñen acceso ilimitado a auga e a penso de iniciación. Unha vez finalizada a etapa lactante agrúpanas en lotes un pouco máis amplos e é aí cando lles introducen a forraxe seca na ración.

As xatas a partir dos catro meses son trasladadas á antiga granxa de Carlos, situada en San Vicente do Burgo, a uns vinte quilómetros de Guntín. Eles mesmos se encargan de mover o gando dun lugar ao outro: “Temos un carro no que collen dúas cabezas, así que, cando baixamos xovencas próximas ao parto da outra nave, subimos desta as pequenas”, detalla José Antonio.

Os acabados de nacer permanecen en boxes individuais os primeiros días e logo agrúpanos de dous en dous



► DESDE HAI TRES ANOS ESTÁN EXPERIMENTANDO COA ALFALFA NUNHA FINCA DE CASE DÚAS HECTÁREAS



Na nave da recría teñen cubículos de goma

A ALIMENTACIÓN, CLAVE PARA EVITAR PROBLEMAS

Para as vacas en muxidura elaboran unha ración que procuran que se manteña o máis uniforme posible ao longo do ano e que leva 32 kg de silo de millo, 6,5 kg de silo de herba, 2 kg de palla e 11 kg de penso.

A palla incorporouse recentemente, debido a que houbo problemas de dixestibilidade excesiva no silo que están comendo. “As vacas expulsá-bano igual que o comían e empezamos a notar problemas na sala de muxido, caída nas calidades, na condición corporal...”, relata o gandeiro. Despois de poñer a situación en coñecemento do nutrólogo, chegaron á conclusión de que o alimento pasaba moi rápido polo rume e houbo que frealo con palla.

José Antonio mantén que nas forraxes está a clave para evitar problemas no establo e di que a súa rutina diaria é muxir, mirar animais e mirar silos. “Ultimamente está moito de moda o tema do benestar, pero se a alimentación entra sa, esquéctete, que non vas ter mamites”, asegura.

A fusión trouxo consigo algúns tropezos de fertilidade que os obrigaron a facer pequenos axustes na ración. “As vacas da outra granxa viñan da ración seca e resentíronse ao cambio, así que houbo que facérllela máis apetecible subíndolles a cantidade de millo e modificándolles algún condimento de sabor no penso”, expresa. ►►

Este gandeiro lucense é un férreo defensor do cultivo de millo: “A xente di que é moi caro, pero a miña filosofía é que é moito máis barato cá herba, xa que recolles máis quilos en menos tempo, con menos traballos e menos dores de cabeza á hora de ensilar. Aquí tanto temos tres días bos como chove unha semana, entón a herba ou se pasa ou non se pasa, e o millo ten outro traballo. Os custos para obter un quilo de materia seca son os mesmos e estás recollendo moita máis calidade co millo que co pasteiro”.

No caso da herba, nunha parte sementan raigrás e noutra, unha mestura forraxeira moi alta en trevos, porque “o máis custoso nunha explotación –di– é a proteína, que ten que vir a través da soia do penso, así que estamos tentando producir a máxima proteína aquí para evitar subas custosas no penso”.

Desde hai tres anos están experimentando coa alfalfa nunha finca de case dúas hectáreas. Están facendo catro cortes ao ano: dous métenos no silo da herba e cos outros dous fan rolos, que en breve destinarán á ración das xovencas.

Este ano tamén van sementar trigo nunhas 6-7 hectáreas coa intención de xerar palla para estrar a parideira e as camas das xatas pequenas, xa que a que comen os animais a seguirán comprando.

Os labores agrícolas fanos eles, excepto a sementeira do millo e o picado das forraxes, que lle contratan a unha empresa de servizos. Houbo unha época na que José Antonio saía para sacarlles proveito ás súas máquinas, pero hoxe en día o volume de traballo aumentou e prefire ocuparse unicamente das súas terras.



A parideira está na nave de produción e comparte espazo coa enfermería



Préstalle moita atención á conservación das forraxes

► INTENTAN EMPREGAR A MENOR CANTIDADE POSIBLE DE ANTIBIÓTICOS E LEVAN MOITO TEMPO APOSTANDO POLO SECADO SELECTIVO

O servizo de carro mesturador préstallelo a cooperativa Aira, da que son socios. A ración de produción fana a diario, mentres que a das xovencas a elaboran cada dous días e a das secas a fan a diario no verán e cada dous días no inverno.

A ración das vacas secas inclúe, para cada dous días, 30 kg de silo de herba, 12 kg de herba seca e 3 kg de penso; para as xovencas desde os oito meses ata o parto mesturan 40 kg de silo de herba, 7 kg de herba seca ou palla e 3 kg de penso, tamén para cada dous días.

Proximamente, a ración das xovencas vai sufrir cambios derivados da inminente incorporación da alfalfa. “Estamos á espera das analíticas do nutrólogo para saber a cantidade que lles hai que dar. Non a metemos na ración de leite porque en principio non nos chegaría para todo o ano e, por non andar cambiando as racións, decidimos destinala á das xovencas”, manifesta.

DATOS REPRODUTIVOS

Teñen unha proporción de recría moi alta, pero tamén están levando a cabo unha política de desvelle moi activa. A media de idade actual das frisonas en produción é de 50,4 meses e o número medio de partos das que eliminaron no último ano, de 3,3.

A idade ao primeiro parto ascende a 28,52 meses. “Está un pouco alta, porque estamos saíndo dun proceso de fusión e houbo problemas na recría e na reprodución”, reconece José Antonio. Para reducilas, unha das metas que se fixaron é a de practicarlles a primeira inseminación entre os 14 e os 15 meses. A media de doses seminais por preñez é de 1,3 nas xovencas e de 2,4 nas vacas.

Motivados por este contratempo reprodutivo tomaron a decisión de instalar un programa informático de detección de celos a través de podómetros que miden a actividade dos animais. “Hai veces que o programa marca en celo vacas silenciosas ás que non lles notamos nada, chamamos o veterinario para que as mire e, efectivamente, confirmanos que están para inseminar. Aí é onde vemos que funciona”, testemuña.

O programa analiza, ademais, a condutividade do leite e a súa temperatura para detectar procesos de mamite. Así mesmo, cando o animal acude á sala de muxido mide os seus niveis de produción. “A informatización dos datos é unha grande axuda para o gandeiro, pero son datos que ti tes que analizar na oficina”, sentencia.

Con esta ferramenta evitan o uso abusivo de medicamentos, porque anticipa o diagnóstico de moitas patoloxías que deste xeito solucionan

cun tratamento máis livián e máis barato. A este respecto, afirma que sempre tentaron empregar a menor cantidade posible de antibióticos e que levan moito tempo apostando polo secado selectivo. Os resultados ampáranos, xa que o recuento celular medio se move arredor das 195.000 cél./ml.

Ás vacas de alta produción átrasanlles a primeira inseminación tras o parto ata os 90-100 días para evitar que cheguen ao final da lactación con moito leite, o que lles suporía un problema de manexo no secado e tamén máis estrés para elas. O intervalo medio entre partos é de 387 días, con 178 DEL.

OBXECTIVOS XENÉTICOS

No ámbito xenético seleccionan coa premisa de conseguir leite, graxa e proteína; a maiores, se poden progresar en patas e tipo, mellor. O ICO medio do rabaño é de 2.213 puntos e a cualificación morfolóxica, de 78,21.

Nas xovencas e vacas de primeiro parto empregan seme sexado ata a segunda inseminación. Xenética Fontao é o seu principal provedor, aínda que parte do sexado procede doutra casa comercial que traballa con touros estranxeiros. Para facer os apareamentos seguen as recomendacións que lles achegan os técnicos de Africor Lugo. ►►

A primeira corta de herba deste ano vendérona a outras ganderías da zona



► DESPOIS DE FUSIONARSE DECIDIRON MANTER O DOBRE COMPRADOR E ENTREGARLLE O 50 % DO LEITE A CADA UN



Teñen catro fosas de xurro, tres en Guntín e unha na nave da recría en Lugo, cunha capacidade total que supera os tres millóns de litros

Cómpre puntualizar que as femias a partir do terceiro parto as inseminan case sempre con semente de razas cárnicas para, posteriormente, cebar e vender os xatos. Na actualidade decántanse pola raza Angus.

VENDA DO LEITE A DÚAS BANDAS

Cando traballaban de forma independente, José Antonio vendíalle o leite a Lactalis e Carlos, a Reny Picot. Despois de fusionarse decidiron manter o dobre comprador e entregarlle o 50 % da materia prima a cada un. “Con este sistema estamos perdendo entre medio céntimo e un céntimo de prima por cantidade, pero ti imaxina que pase antibiótico

para o tanque, só che penalizaría nunha industria”, argumenta José Antonio.

Cada día recólleles o leite unha industria e, polo de agora, evítaron ter que comprar un tanque máis grande. Esta é outra das razóns polas que seguen traballando con dúas empresas.

En canto ao prezo do leite, unha das industrias estállelo pagando a 0,31 €/kg + calidades + IVE e a outra, a 0,29 €/kg + unha prima resultante dunha fórmula indexada + calidades + IVE. “A diferenza é mínima, unha paga máis as calidades e a outra págaas menos, pero logo ti vas ver o prezo final e iguais non son, pero case”, declara o produtor lucense.

PLANS FUTUROS

O seu proxecto máis inmediato é reformar a nave das vacas secas. Colocaránlle teito de panel sándwich e farán cubículos que encherán de serraduras para mellorar o confort dos animais. Seguramente acondicionen unha parte con cama quente para trasladar alí a parideira e destinen unha parte para meter un lote de 20-25 primíparas a fin de alixeirar a poboación no outro establo e non ter que desfacerse de tantas cabezas.

A longo prazo, a súa idea é facer outra nave que lles permita dobrar a produción e aproveitar todo o seu potencial forraxeiro. “Grazas a Deus temos superficie e forraxe, e é unha pena non aproveitar todo isto, pero sen *desmadrarse* tampouco”, conclúe. ■